

## OS SERES INERTES E OS SERES VIVOS

As nubes, a auga e o aire móvense. En que se diferencian do xabaril?

Diferéncianse en que as nubes, a auga e mais o aire son inanimados, é dicir, non teñen vida. Por iso reciben o nome de **seres inertes**.

### En que se diferencian?

Os **seres vivos** diferéncianse dos seres inertes en que sofre unha serie de cambios ao longo do tempo: **nacen, crecen, relaciónanse, reproducense e morren**.

Todos estes cambios prodúcense porque os seres vivos, a diferenza dos inertes, levan a cabo **tres funcións vitais**: a **función de nutrición**, a **función de relación** e a **función de reprodución**.

Para realizar estas funcións vitais, os seres vivos necesitan órganos e aparatos que traballen de forma coordinada.

### A clasificación dos seres vivos

Para estudar os seres vivos do noso planeta, os científicos fixéronse nas súas características e clasificáronnos en grupos ou **reinos**.

- **Reino dos animais:** os animais aliméntanse doutros seres vivos e son capaces de desprazarse dun lugar a outro. Tanto os leóns como as formigas son animais.
- **Reino das plantas:** as plantas fabrican o seu propio alimento e non son capaces de desprazarse. O carballo e a margarida son plantas.
- **Reino dos fungos:** os fungos aliméntanse de restos doutros seres vivos e non se poden desprazar. Os cogomelos pertencen a este grupo.
- **Reino das algas:** as algas parécense as plantas porque fabrican o seu propio alimento, pero son máis sinxelas e non teñen as mesmas partes que as plantas.
- **Reino das bacterias:** as bacterias son seres moi sinxelos. Son moi pequenos e non poden verse a simple vista.

### ACTIVIDADES:

1. Explica os cambios que experimenta un coello ao longo da súa vida.
2. Carlos pensa que os seres humanos non pertencemos a ningún dos cinco reinos. Ten razón? Xustifícao.